

## NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

### Normas xerais:

1. A biblioteca é un espazo compartido, daquela, debemos respectar a colocación e distribución do material para facilitar un bo uso da mesma.
2. Non está permitido nin comer nin beber na biblioteca.
3. O silencio é fundamental para unha boa concentración e un bo ambiente de traballo.
4. A biblioteca non é un lugar de castigo, senón un lugar para o estudo, o lecer e a procura de coñecemento.
5. O alumnado terá que seguir as normas e indicacións do profesorado de garda.

### Empréstitos:

6. O horario de empréstito e de devolución será só no período de recreo.
7. Os materiais suxeitos a empréstito réxense polos seguintes criterios:
  - Libros de lectura (15 días).
  - Os DVD, CD e vídeos soamente poden ser levados as fins de semana e devolvelos o luns seguinte. No caso de ser levados ás aulas en horario lectivo polo profesorado deben ser devoltos ao rematar as sesións dedicadas ao seu visionado.
8. Cada alumno/a poderá levar ata un máximo de 3 libros ao mesmo tempo.
9. Para solicitar o empréstito do material, o alumnado deberá dirixirse ao profesorado de garda ou ao alumnado voluntario da biblioteca. Deberá proporcionarlle o nome do autor, o título do libro, o seu número de lector, así como o nº de rexistro do libro que desexa levar, que figura na parte superior dereita da primeira páxina.
10. Unha vez transcorridos os 15 días de prazo, se o/a interesado/a desexa prorrogar o empréstito, poderá facelo por outros 15 días máis, sempre e cando non haxa lista de espera por ese título. Soamente haberá unha única prórroga para facilitar o acceso ao material a outra persoa.
11. En caso de extravío ou deterioro do material emprestado, o/a responsable (o beneficiario do empréstito) terá que se facerse cargo da súa substitución por un exemplar novo.
12. A partir do 1 de xuño deixaranse de prestar libros para poder dispor dun tempo prudencial para revisar a lista de morosos e notificar posibles sancións, xa que todos os libros deberán ser devoltos á biblioteca **antes do 15 de xuño.**

### **Normas de uso dos ordenadores da biblioteca:**

13. O alumnado non poderá utilizar os ordenadores asignados ao profesorado nin aos voluntarios. O ordenador da mesa do profesorado utilizarase soamente para xestión interna da Biblioteca. Para eles están reservados os catro ordenadores situados baixo as ventás que terán as seguintes normas de uso:

- Para estes ordenadores rexen as mesmas normas que para o resto dos equipos informáticos do centro.
- Terán uso preferente deste servizo aqueles alumnos/as que non dispoñan de ordenador e/ou conexión a Internet na casa. Para iso, ao comezo de curso, confeccionarase unha lista co nome deste alumnado, a disposición do persoal da Biblioteca.
- O profesorado responsable da biblioteca controlará a utilización dos ordenadores, que só se poderán empregar para facer traballos e/ou consultar ou procurar información relacionada coa actividade académica, nunca para xogos.
- O persoal de biblioteca resérvase o dereito de finalizar a conexión a Internet dun alumno/a se o considera oportuno. O uso inadecuado deste servizo poderá supoñer a suspensión do mesmo.

### **MEDIDAS DE CONTROL NA BIBLIOTECA**

#### **No caso de non se cumpriren as condicións de uso do espazo da biblioteca:**

- O profesorado de garda poderá expulsar da biblioteca ao alumnado disruptivo, que non cumpra coas normas de uso ou que moleste ao resto dos usuarios.
- A conduta disruptiva reiterada poderá dar lugar a unha sanción de privación de uso da biblioteca, cunha duración mínima dunha semana e máxima dun mes, que será comunicada aos pais/nais/representantes legais do/a alumno/a polo/a titor/a ou vía Abalar.

#### **No caso de non se cumpriren as condicións de empréstito:**

- O prestatario ten a obriga de devolver a obra á biblioteca, unha vez finalizado o prazo de empréstito, nas mesmas condicións en que a recibiu, polo que deberá informar ao persoal da biblioteca de calquera dano que observe no documento antes de que lle sexa prestado.

- A devolución de libros fóra de prazo será considerada conduta contraria ás normas de convivencia e corrixida cunha sanción: o/a alumno/a non terá dereito a máis préstamos mentres non devolva o exemplar.
- O usuario reincidente no deterioro ou non devolución dun libro poderá ser sancionado coa privación temporal da utilización deste servizo por un mínimo dun trimestre e un máximo do curso escolar. A sanción será imposta polo profesorado encargado da biblioteca e notificada aos pais/nais/titores legais polo/a titor/a ou vía Abalar. Para controlar as sancións, funcionará unha lista de morosos, que debe ter en conta o profesorado encargado do servizo.
- O deterioro ou non devolución dun libro será causa de reposición, mediante a achega doutro exemplar igual ao deteriorado ou non devolto. De non ser así, o/a alumno/a incorrerá nunha falta grave, que será sancionada segundo contempla o NOFC (pago ou reposición polos representantes legais do alumnado) ademais de quedar excluído/a do programa de empréstitos para os sucesivos cursos escolares.
- **A partir do 15 de xuño** (último día para devolver os libros emprestados), procederemos a comunicarlles (vía Abalar ou vía telefónica) aos pais/nais/representantes legais dos alumnos e alumnas que non teñan devoltos os exemplares que deben entregalos **antes do 20 de xuño**.
- No caso de non facelo, terán que facerse cargo da substitución ou reintegro do prezo do libro extraviado, segundo o caso. Enviarase por correo certificado a sanción correspondente.

**No caso de non se cumpriren as condicións de uso dos ordenadores:**

- O profesorado de garda poderá privar do uso dos ordenadores ao alumnado que non observe as normas de uso indicadas.
- A reiteración no uso indebido dos ordenadores poderá dar lugar a unha sanción de privación de usar os mesmos, cunha duración mínima dunha semana e máxima dun mes.

**Estas normas son susceptibles de cambiar ao longo do curso para adaptarse á casuística da biblioteca escolar.**